

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

URUGUAI: A DÉCADA DA FRONTE AMPLA (2005-2015)

- a) **Introducción**
- b) **Un modelo plural e de esquerdas**
- c) **Os retos dunha hexemonía política**

a) Introdución

Co retorno de **Tabaré Vázquez** á presidencia trala realización da segunda ronda electoral o pasado 30 de novembro, a formación progresista uruguaya Frente Amplia (FA) inicia un novo período de goberno cun balance sumamente favorable tras unha década de goberno, con elevados índices de popularidade e de lexitimidade dos seus dous principais líderes: o propio Vázquez, ex alcalde de Montevideo e presidente constitucional (2005-2010), e o seu sucesor e actual presidente **Pepe Mújica** (2010-2015).

Cun novo período presidencial 2015-2020, a consolidación da FA confirma, ao mesmo tempo, a estabilidade política e institucional traducida nunha necesaria transición política cara a esquerda nun país politicamente periférico como Uruguai, gobernando desde mediados do século XIX por un *establishment* político de notable carácter elitista, identificado nos Partidos Nacional (coloquialmente o “Partido Blanco”) e Colorado. Deste modo, a chegada ao poder da FA confirmou non só a creba deste sistema oligopólico senón a estabilidade da transición democrática iniciada a partir da caída da ditadura militar en 1985.

b) Un modelo plural e de esquerdas

Tradicionalmente considerado como un país periférico no concerto hemisférico, Uruguai logrou consolidar a partir de 2004 unha estable transición política co triunfo da esquerda identificada entón na candidatura de Tabaré Vázquez e da Frente Amplia (FA), un aspecto que lle permitiu inserirse con maior dinamismo de cara aos cambios políticos que estaban acaecendo en América do Sur, así como nos procesos de integración rexional.

A FA é unha coalición de partidos de esquerda creada en febreiro de 1971, na que algúns dos seus posteriores membros formaron parte da guerrilla urbana do Movimento de Liberación Nacional-Tupamaros, entre os que destacaron **Raúl Sendic**, **Pepe Mújica** e **Eleuterio Fernández Huidobro**, entre outros. Tras superar os duros anos da ditadura militar uruguaya (1973-1985), en 1989 formouse o Encontro Progresista (EP), que sumou tanto a Alianza Progresista (AP) como a diversos membros “tupamaros”.

A estabilidade socioeconómica, baseada na adopción dun programa de heterodoxia macroeconómica combinado con programas de inclusión social, redución da pobreza e adopción de políticas públicas innovadoras (legalización da marihuana, discussión dos matrimonios homosexuais, entre outros), afondaron a elevada lexitimidade das presidencias da FA así como a popularidade de Pepe Mújica, sinalado como un exemplo de honradez e humildade política en tempos de crise, corrupción e austeridade económica global.

No contexto hemisférico, a reelección presidencial da FA confirma a consistencia do xiro político e electoral cara diversas manifestacións progresistas e de esquerdas experimentado en América Latina desde 1999. En materia exterior, o compromiso da FA coa integración rexional (MERCOSUR, UNASUR, CELAC) camiña en paralelo coa súa vocación autonomista e humanitaria, tal e como quedou de manifesto recentemente coa decisión do goberno de Mújica de recibir no seu país a seis presos do penal de Guantánamo en calidade de refuxiados.

En 1990, a FA impulsou a candidatura do oncólogo Tabaré Vázquez para a alcaldía de Montevideo, alcanzando o goberno municipal ata 1995. Consolidado como líder da FA, Tabaré presentouse de forma sucesiva e infrutuosa como candidato presidencial (1994 e 1999) para posteriormente obter o triunfo nas eleccións presidenciais de outubro de 2004, alcanzando un 51,4% dos votos, a través da coalición Nova Maioría, á que se sumou o Novo Espazo⁽¹⁾. Deste xeito, e por vez primeira na historia contemporánea uruguaya, a esquerda alcanzaba o poder, quebrando así o tradicional bipartidismo establecido desde mediados do século XIX entre os Partidos Blanco e Colorado.

Nas súas bases ideolóxicas, a FA preséntase como unha “*forza política de cambio e de xustiza social; de con-*

1) NOTARO ROUMAS, Jorge Ángel, “A economía do Uruguai 2005-2012: o crecemento dependente”, *Tempo exterior* N° 27, Vol. XIII (II), Xullo-Decembro 2013, p. 7.

cepción progresista; democrática, popular, antioligárquica e antiimperialista”, organizada en “carácter de coalición e de movemento sobre bases de respecto recíproco da diversidade ideolóxica, funcionamento democrático e unidade de acción”⁽²⁾. Forma igualmente parte importante da súa ideoloxía o denominado “ideario Artiguista”, herdeiro do prócer independentista uruguai José Gervasio Artigas, que pregoa a “liberación americana e nacional, a democracia institucional e a xustiza social”⁽³⁾.

Estas variables definen á FA como unha forza política basicamente de centrosquerda, de carácter progresista e politicamente institucionalizada, orientada cara a vía “socialdemócrata moderada” e democratizada⁽⁴⁾, sen desestimar a presenza doutras formacións situadas máis cara a esquerda. No poder desde 2005, a FA logrou vertebrarse como unha formación de carácter policlasista, atraendo diversas capas das clases medias e populares, lexitimada polos notables resultados en materia económica e de fortalecemento do estado de benestar.

Neste sentido, e a través dun programa macroeconómico

2) Principios del FA. Lineamientos básicos. Ver en: <http://www.frenteamplio.org.uy/index.php?Q=articulo&ID=1002>. Na actualidade, a FA está conformada polo Movimento de Participación Popular, Asemblea Uruguai, o Partido Socialista, o Partido Comunista, a Alianza Progresista, a Vertente Artiguista, o Novo Espazo, o Partido pola Vitoria do Pobo, o Partido Obrero Revolucionario, o Partido Socialista dos Traballadores e outros grupos de esquerda. A nivel rexional, forma parte do Foro de São Paulo, do Congreso Bolivariano dos Pobos, da Coordinación Socialista Latinoamericana e da Conferencia Permanente de Partidos Políticos de América Latina.

3) Ideario Artiguista. Ver en: <http://www.frenteamplio.org.uy/index.php?Q=articulo&ID=1003>

4) SANDBROOK, Richard, “La Izquierda democrática en el Sur del Mundo”, Revista *Nueva Sociedad*, Nº 250, marzo-abril de 2014, p. 44. Ver en: http://nuso.org/upload/articulos/4015_1.pdf

c) Os retos dunha hexemonía política

Cun equilibrado balance socioeconómico e unha imaxe exterior sumamente favorable, o próximo 1º de marzo, a FA afronta un novo período presidencial 2015-2020 co retorno de Tabaré Vázquez á xefatura do goberno. A súa hexemonía política vese igualmente fortalecida polo feito de obter a maioría no Congreso e no Senado nos comicios de novembro pasado.

Por tanto, a década 2005-2015 ben pode significar o

Unidas para el Desarrollo, PNUD, Nova York, 2013. Ver en: http://hdr.undp.org/sites/default/files/hdr2013_es_complete.pdf

mico de carácter heterodoxo onde destaca a figura de **Danilo Astori**, ministro de Economía durante o goberno de Tabaré e actualmente vicepresidente na legislatura de Mújica, Uruguai logrou superar os embates da crise económica acaecida entre 1999 e 2002, principalmente significativa no sector financeiro (desaceleración económica no marco MERCOSUR, expansión rexional do “corralito” arxentino) e do factor estrutural referido á dependencia uruguaias dos prezos das materias primas nos mercados internacionais, un aspecto sensible económico periférico dos centros de poder mundial.

Segundo un recente informe da OCDE⁽⁵⁾, Uruguai experimentou desde 2005 importantes avances socioeconómicos: índices de crecimiento económico anual cifrados en torno ao 4,6 e 5,1%; control da inflación (pechará en 8,8% en 2014); fortalecemento e mellora nos programas de asistencia social (sanidade, alfabetización, calidade de vida, medio ambiente, confianza e apoio á rede social); caída dos índices de pobreza extrema (10% da poboación, cando en 1999 era do 40%); notable produtivididade laboral, aínda que afrontando o reto das disparidades socioeconómicas e os riscos de exclusión social (menores de idade). Desde 2013, Uruguai é considerado polo Banco Mundial como un país de ingreso alto⁽⁶⁾, cun Índice de Desenvolvemento Humano Alto, ocupando o posto Nº 51 cun índice de 0,792 (2012)⁽⁷⁾.

5) “Estudio Multidimensional de Uruguay”. OCDE, Serie Caminos de Desarrollo, Volumen 1. Evaluación Inicial, Agosto de 2014. Ver en: <http://www.oecd.org/countries/uruguay/mdcr-uruguay-esp.htm>

6) Ibid, p. 27.

7) “Informe sobre el Desarrollo Humano 2013. El Ascenso del Sur: Progreso humano en un mundo diverso”, *Programa de las Naciones*

cambio político mais importante desde comezos do século XX no Uruguai⁽⁸⁾, cun goberno de esquerda vencedor en tres procesos electorais presidenciais consecutivos e cos dous partidos tradicionais (Blanco e Colorado) consecutivamente na oposición. Esta inédita hexemonía política e electoral da esquerda uruguaias supón paralelamente un reto ineludible para a FA, particularmente á hora de albiscar un escenario inevitable a medio pra-

8) CAETANO, Gerardo, “O Uruguai ‘progresista’ ante unha nova encrucillada: as esixencias do ‘cambio no cambio’”, *Tempo exterior* Nº 27, Vol. XIII (II), Xullo-Decembro 2013, p. 46

zo: a necesidade dun relevo xeracional no seu liderado, tendo en conta a avanzada idade dos seus líderes más significativos, Tabaré (74 anos) e Mújica (79 anos).

Neste sentido, moitas miradas están fixadas en **Raúl Sendic Rodríguez** (52 anos), compaíñeiro de fórmula electoral de Tabaré, próximo vicepresidente e fillo do mítico ex guerrilleiro “tupamaro” e fundador da FA, Raúl Sendic Antonaccio. En todo caso, esta eventual sucesión política implicará unha maior mobilización e participación política tanto dos sectores de base como doutras capas sociais que nos últimos anos lograron ser atraídos pola FA. No foco de atención estará a eventualidade de dirimir candidaturas independentes, tecnócratas ou non partidistas de cara aos próximos comicios presidenciais de 2019.

A renovación e fortalecemento de novos liderados dentro da FA pode igualmente observarse noutros aspectos non menos relevantes. O mantemento da heterodoxia macroeconómica con programas de asistencia social implica seguir de perto a evolución do gasto público, en particular ante un déficit valorado no 3% do PIB⁽⁹⁾. A necesidade de maiores investimentos en infraestrutura pública, a persistencia dos programas sociais e o leve aumento da inseguridade cidadá, son outros retos estratéxicos para o goberno de Tabaré.

No marco rexional, a FA seguirá apostando polo fortalecemento e a inclusión uruguaiña nos marcos de integración existentes (MERCOSUR, UNASUR, CELAC, aproximación á ALBA) xa establecidos no go-

berno de Pepe Mújica. Outro factor a ter en conta terá que ver coa posición uruguaiña ante a preeminencia de novas organizacións (Alianza do Pacífico) así como da cada vez maior inserción de China como principal socio comercial rexional. Neste sentido, está prevista para xaneiro de 2015 unha visita do presidente Mújica a Pequín.

Para Uruguai, a relación bilateral con Brasil e Arxentina segue a ser unha prioridade, aspecto que se fortalecerá principalmente con respecto ao recentemente reelexido goberno de **Dilma Rousseff** e do Partido dos Traballadores (PT) en Brasil, á vista da sincronía política e ideolóxica entre o PT e a FA. Con todo, está por ver qué sucederá co “kirchnerismo” en Arxentina de cara ás próximas eleccións presidenciais (outubro de 2015) e cómo estes comicios influirán na relación bilateral, tradicionalmente flutuante entre o pragmatismo e determinadas tensións de carácter comercial e incluso limítrofe. Con respecto a EUA, probablemente impedirá unha visión autónoma e non menos pragmática.

Uruguai ven realizando notables avances na consecución dos Obxectivos do Milenio (sanidade, educación, medio ambiente, pobreza e calidade de vida), da axenda post-2015 e doutras políticas aperturistas como a legalización da marihuana, o debate público do matrimonio homosexual, a adopción de políticas de xénero e de combate contra a criminalidade e o tráfico de persoas. Estas variables identifican as bases progresistas dunha FA cada vez máis fortalecida como modelo político de esquerda a nivel hemisférico.

IGADI. 19 de decembro de 2014.

9) “El Frente Amplio arrolla en Uruguay”, *Informe Semanal de Política Exterior*, Nº 917, 8 de diciembre de 2014, p. 7.